

19º Curso de verán sobre dinamización lingüística

Traballando en lingua.

Memoria democrática e lingua:
a quimera da normalización



7 e 8 de xullo de 2026

Fórum Carballo.

Praza dos Bombeiros Voluntarios.
Carballo

As sesións constan de relatorios, comunicacións, mesas redondas e obradoiros para avaliarmos experiencias e propormos medidas e accións de intervención en actividades de forma a implicaren distintas entidades e persoas.

Nesta 19ª edición do curso de verán o traballo centrarase en analizar, dunha perspectiva histórica, a evolución das políticas e normativas vinculadas á dinamización do galego, tendo como punto de partida a implantación da monarquía parlamentar. Procurarase comprobar en que medida, a pesar da recuperación de certas liberdades, continúan viventes despois de catro décadas inercias e desigualdades que parecen ser estruturais e que impiden e que dificultan a normalización plena do idioma.

Persoas destinatarias

Persoas que traballan ou que están interesadas no proceso de normalización da lingua galega, nomeadamente técnicos/as de normalización lingüística, docentes, dinamizadoras/es socioculturais, estudantes, membros de asociacións, de empresas de dinamización social, lingüística ou cultural, técnicas/os de cultura, animadoras/es, intérpretes, tradutoras/es etc.

Obxectivos:

- Comprender os procesos históricos que influíron na dinamización lingüística na Galiza, especialmente a partir da chamada transición.
- Analizar o papel da lingua galega como elemento central da identidade, resistencia cultural e construción da memoria histórica.
- Reflectir sobre a importancia das iniciativas de base para a lingua galega e a súa dinamización actual.
- Valorar os avances e os retrocesos en materia de normalización lingüística.

+Info:

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña
881 011 042, 881 011 055, 881 013 683
snl@udc.gal

Matrícula

O número de participantes está limitado a 65 persoas, por orde de inscrición. A matrícula é en liña ([preme aquí](#))
O prazo remata no día 3 de xullo.

Custo de participación

Para estudantes de calquera universidade, comunidade universitaria da UDC e persoas desempregadas: 30 €
Para o resto de persoas: 50 €

Colaboran

Concello de Carballo
Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia

Organiza

Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística
Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte

Dirección e Secretaría :

Xosé Manuel Sánchez Rei, profesor da Facultade de Filoloxía e membro do Grupo ILLA (Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega)
Marisol Ríos Noya, coordinadora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

7.07.2026

- 09.00 Recepción e entrega de documentación
- 09.30 Inauguración e benvinda
- Valentín García Gómez, secretario xeral da Lingua
 - Ricardo Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña (UDC)
 - Daniel Pérez López, alcalde do Concello de Carballo
 - Cristina López Villar, vicerreitora responsable do Servizo de Normalización Lingüística da UDC
- 10.00 Conferencia de abertura + coloquio: «O conflito lingüístico na Galiza de hoxe»
Francisco Rodríguez Sánchez, doutor en Filoloxía Románica e catedrático de instituto xubilado
- 11.30 Mesa redonda + coloquio: «A memoria da terra e dos nomes e lugar. A recuperación da toponimia»
Modera: Xosé Manuel Sánchez Rei, profesor da Universidade da Coruña
- A toponimia crítica e a elaboración do Nomenclátor de Galicia. Ana Isabel Boullón Agrelo, catedrática da Universidade de Santiago de Compostela e académica da RAG
 - Chamadeiros de Pontevedra: palabras esquecidas e historias que perduran. Conchi Cochón Rodríguez, técnica do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra
 - Un campus nomeado www.udc.es/es/campusnomeado/, Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade e Diversidade
- 13.00 Comunicacions + coloquio: «A pegada presente do pasado»
Modera: Ángeles Pacoret Rodríguez, concelleira de Normalización Lingüística do Concello de Carballo
- Alexandre Peres Vigo, doutor en Filoloxía Galega e profesor de ensino secundario no IES Fernando Esquíu (Neda)
 - Ramón Mariño Paz, doutor en Filoloxía Hispánica e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela
- 14.30 Xantar conxunto
- 16.30 Mesa redonda + coloquio: «A música en galego: da reivindicación da democracia á dinamización lingüística»
Modera: María Mar Eirís Villar, concelleira de Educación do Concello de Carballo
- Tereixa Novo Arrojo, mestra xubilada e cantante de Fuxan os Ventos
 - Aldara Palmeiro Pazos, vocalista e violín, De Ninghures
 - Moncho Lemos, xornalista, crítico de cinema e música, redactor e presentador de televisión na CRTVG
- 17.30 Memoria das presentes. Dinámica de grupos
- 18.30 Conferencia-espectáculo: «GPA. Galego pra adolescentes»
Avelino González

8.07.2026

- 09.00 Mesa redonda + coloquio: «Medios en galego: do impacto inicial á situación actual»
Modera: Ubaldo Cerqueiro García, director do diario dixital Que pasa na Costa
- Rebeca Munín Oliveira, vicepresidenta da Asociación de Medios en Galego (Amega) e directora da revista Pincha
 - María Obelleiro Hermida, directora editorial de Nós Diario
 - Xurxo Salgado Tejido, director de Galicia confidencial
- 10.00 Conferencia + coloquio: «Conciencia social do galego»
Elsa Quintas Alborés, avogada e vicepresidenta da Mesa pola Normalización Lingüística
- 11.00 Ruta polo mapa literario de Carballo
Hadrián García Pérez, historiador
- 12.30 Mesa redonda + coloquio: «O ensino. Unha igualdade que nunca chega»
Modera: Neves Arza Arza, profesora da Universidade da Coruña
- O modelo de progresividade, Mariló Candedo Gunturiz, presidenta de Nova Escola Galega
 - Na procura dun ensino galego, Ana Pérez Rico, presidenta da Asociación Socio-Pedagóxica Galega
 - A normalización lingüística nas universidades, Manuel Núñez Singala, director do Servizo de Normalización Lingüística na Universidade de Santiago de Compostela
- 14.00 Grupos de traballo. Elaboración de conclusións
- 15.00 Remate do Curso